



Declaración Ambiental



MARÍN

2021

PRESENTACIÓN DA DECLARACION AMBIENTAL

- 1. DESCRIPCIÓN DA ORGANIZACIÓN. ALCANCE DO SISTEMA DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL**
 - 1.1. DATOS XERAIS.
 - 1.2. PRESENTACIÓN DO CONCELLO.
 - 1.3. ALCANCE DO SISTEMA DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL
 - 1.3.1. Praias
 - 1.3.2. Almacén sacoa. Oficina medio ambiente
- 2. DESCRIPCIÓN DO SISTEMA DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL.**
 - 2.1 ORGANIZACION E ACTIVIDADES
 - 2.2 ESTRUCTURA DOCUMENTAL
- 3. POLÍTICA MEDIOAMBIENTAL.**
- 4. O CONCELLO DE MARIN E O SEU CONTEXTO**
- 5. IDENTIFICACIÓN DOS RISCOS E OPORTUNIDADES**
- 6. PLAN DE ACTUACIÓNS DERIVADA DA COVID 19 OCACIONADA POLO SARS- COV-2**
 - 6.1 XESTIÓN E CONTROL DA MOBILIDADE NAS PRAIAS E NA SÚA CONTORNA. MOTORIZACIÓN E LIMITACIÓN DO AFORO NOS AREAIS
 - 6.2 ADECUACIÓN DOS SERVIZOS
 - 6.3 CONVENIO COA CANLE HORECA NA CONTORNA DAS PRAIAS
 - 6.4 CONCIENCIACIÓN DOS USUARIOS
- 7. DESCRIPCIÓN E NATUREZA DOS ASPECTOS MEDIOAMBIENTAIS DIRECTOS E INDIRECTOS SIGNIFICATIVOS E IMPACTOS ASOCIADOS. METODO DE AVALIACIÓN**
 - 7.1. AVALIACIÓN DE ASPECTOS DIRECTOS.
 - 7.2. AVALIACIÓN DE ASPECTOS INDIRECTOS.
 - 7.3. AVALIACIÓN DE ASPECTOS EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA.
 - 7.4. ASPECTOS MEDIOAMBIENTAIS SIGNIFICATIVOS
- 8. OBXECTIVOS E METAS EN RELACIÓN COS ASPECTOS E IMPACTOS MEDIOAMBIENTAIS.**
- 9. SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO**
- 10. O DESEMPEÑO AMBIENTAL NO CICLO DO USUFRUCTO DAS PRAIAS**
 - 10.1 .CONSUMO DE COMBUSTIBLE.
 - 10.2.CONSUMO DE ELECTRICIDADE
 - 10.3.CONSUMO DE AUGA.
 - 10.4. XERACIÓN DE RESIDUOS PERIGOSOS.
 - 10.5. XERACIÓN DE RESIDUOS PROCEDENTES DAS PRAIAS.
 - 10.6. EMISIONS
 - 10.7. RUIDOS
 - 10.8 RESULTADOS DAS ANALISES LEVADAS A CABO PARA O CONTROL DA CALIDADE DAS AUGAS DE BAÑO.

- 10.9 CONTROL DA AUGA DAS DUCHAS E LAVAPES
- 11. COMUNICACION COAS PARTES INTERESADAS**
 - 11.1. ENQUISAS LEVADAS A CABO.
 - 11.2. CANAL WEB
 - 11.3 COMUNICACION AMBIENTAL
- 12. IMPLICACION DOS TRABALLADORES**
- 13. INDICADORES BASICOS.**
 - 13.1 EFICIENCIA ENERXETICA.
 - 13.1.1. Consumo directo total de enerxía eléctrica
 - 13.1.2. Consumo directo total de combustibles.
 - 13.1.3. Consumo total de enerxías renovables
 - 13.1.4 Xeración total de enerxías renovables
 - 13.2 EFICIENCIA NO CONSUMO DE MATERIALES
 - 13.3 EFICIENCIA NO CONSUMO DE AUGA.
 - 13.4 XERACIÓN DE RESIDUOS.
 - 13.5 BIODIVERSIDADE.
 - 13.6 EMISIONS
- 14. ACCIONS LEVADAS A CABO. MELLORES PRACTICAS DE XESTION E INDICADORES DE REFERENZA SETORIAL**
- 15. COMPORTAMENTO RESPECTO DAS DISPOSICIÓNS XURÍDICAS APLICABLES.**
- 16. NOME E NÚMERO DE ACREDITACIÓN DO VERIFICADOR MEDIOAMBIENTAL E DATA DE VALIDACIÓN.**

PRESENTACION DA DECLARACION AMBIENTAL

Situado nas Rías Baixas, Marín ofrécenos unha estampa marabillosa no seu litoral, con praias resgardadas de auga cristalina e area fina coa vexetación como telón de fondo. A cor verde da natureza do contorno mestúrase coa azul do ceo para dar paso á fermosa azul verdosa do mar

No Concello de Marín convencidos da necesidade de establecer unha política e uns obxectivos medioambientais de protección e prevención da contaminación na xestión das praias, iniciamos a finais do ano 2008 a implantación dun Sistema de Xestión Medioambiental baseado na norma ISO 14001:2004 e no regulamento EMAS II.

Dende o 10 de Xullo de 2009 o Concello de Marín atopase rexistrado có numero ES-GA-230. Ó alcance do sistema de xestión ambiental é "XESTION DE PRAIAS", e dende aquela permanentemente estivo comprometido en materias de sustentabilidade, respecto ao medio ambiente e mellora continua.

O longo do ano 2012 establecéronse as medidas pertinentes có fin de facer a transición ó regulamento EMAS III. Rematada a tempada estival 2017 vimos de facer a adaptación do noso sistema de xestión ambiental os requisitos da ISO 14001:2015 e do Regulamento (CE) 2017/1505, polo que se modifican os anexos I, II, y III do Regulamento (CE) no 1221/2009, EMAS III.



Conscientes da importancia que ten a contorna natural e vista o aumento do nivel de esixencia das persoas usuarias en canto ao comportamento ambiental das administracións públicas, dende a Concellería de MEDIO AMBIENTE, BENESTAR

SOCIAL, IGUALDADE, EDUCACIÓN E FESTAS e da Concellería de TURISMO, COMERCIO, DINAMIZACIÓN, PARQUES E XARDÍNS E CEMITERIOS seguimos apostando por unha xestión ambiental de excelencia no ámbito das praias do concello de Marín e continuamos a traballar na redución dos impactos ambientais asociados ao usufruto das Praias do Concello de Marín e na mellora dos servizos nestas ofrecidos con obxectivo converter as praias do municipio de Marín nun referente paisaxístico sostible co medio ambiente

Con ese espírito preséntase esta declaración ambiental cos datos dá tempada 2021, singularmente marcada pola nova normalidade sen apenas restricións pero cun inicio de campaña estival na que a denominada quinta ola tivo ocorrencia cunha explosión de contaxios. Tras el plan de acción implantado en 2020 para facer fronte a la pandemia derivada da enfermidade ocasionada polo virus SARS- CoV-2, na cal vimos a necesidade de reducir os servizos aos usuarios das nosas praias en relación á dispoñibilidade de duchas e servizos hixiénicos, e a dispoñibilidade de colectores de residuos nos areas, á vez que puxemos en marcha un pioneiro sistema de control de aforos e aviso ás partes interesadas. Este 2021 viño marcado pola dispoñibilidade de servizos como aseos, duchas e lavapes.



Para a elaboración da DECLARACION AMBIENTAL dende 2019 vimos de ter en conta a modificación do Regulamento EMAS aprobada polo Regulamento (UE) 2018/2026, que anula e substitúe o Anexo IV e fixa os requisitos de presentación de informes ambientais, e por tanto das Declaracións Ambientais, e adicionalmente, a publicación

da Decisión UE/2019/61, relativa ó documento de referencia sectorial sobre as mellores prácticas de xestión ambiental, os indicadores sectoriais de comportamento ambiental e os parámetros comparativos de excelencia, para o sector da administración pública no marco do Regulamento (CE) n.º 1221/2009.


O mantemento do rexistro EMAS e o recoñecemento Banceira Azul é importante o porque demostra que traballamos seguindo criterios de sostibilidade, respectuosos e que ofrecemos un turismo e uns servizos sustentables, acordes coa nosa filosofía de defensa da contorna



CERTIFICADO DEL SISTEMA DE GESTIÓN

Se certifica que el sistema de gestión de **AYUNTAMIENTO DE MARÍN** es conforme a la Norma del Sistema de Gestión Medioambiental: **ISO 14001:2015**

Este certificado es válido para el siguiente campo de aplicación: **Gestión medioambiental de playas y oficina de medioambiente del Ayuntamiento de Marín.**



CONCELLO DE MARÍN
Avda de Ourense, s/n
36900 Marín
(Pontevedra)

ASUNTO: RENOVACIÓN DE LA ADHESIÓN AL SISTEMA DE GESTIÓN Y AUDITORÍA MEDIOAMBIENTAL EMAS

CONCELLO DE MARÍN - Concellería e Pratas (Portocelo, Mogor, Aquete, Loira, A Covita, Santo do Mar) inscrita en el sistema comunitario de gestión y auditoría medioambiental, con el nº ES-GA-000385 con fecha 10.07.2009, presenta la nueva declaración medioambiental validada por DNV GL BUSINESS ASSURANCE ESPAÑA, S.L. (Unipersonal) dentro del plazo previsto. La citada declaración medioambiental ha sido validada según el Reglamento (CE) n.º 1221/2009 del Parlamento Europeo y del Consejo de fecha 25 de noviembre de 2009, relativo a la participación voluntaria de organizaciones en un sistema comunitario de gestión y auditoría medioambiental EMAS, modificado según los Reglamentos (UE) 2017/1505 y (UE) 2018/2026.

Tras la verificación de la no existencia de no conformidades con la legislación vigente, esta Dirección General considera renovada la adhesión al sistema de gestión y auditoría medioambiental, procediendo a la actualización del registro.

La citada renovación se ha llevado a cabo según lo indicado en el Reglamento (CE) n.º 1221/2009 del Parlamento Europeo y del Consejo, de fecha 25 de noviembre de 2009, relativo a la participación voluntaria de organizaciones en un sistema comunitario de gestión y auditoría medioambiental EMAS, y en el Decreto 185/1999, del 17 de junio, por el que se establece el procedimiento para la aplicación en la Comunidad Autónoma gallega, de un sistema voluntario de gestión y auditoría ambiental.

Este documento tiene validez hasta el 23.09.2022, fecha límite para la presentación, por parte de la entidad, de la siguiente declaración ambiental validada, excepto anulación o suspensión temporal.

Santiago de Compostela, en la fecha de la firma electrónica

Manuel Díaz Cano
Jefe de Servicio de Evaluación Ambiental de Proyectos
(Firmado electrónicamente)

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVIENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
15101 San Lázaro
dca@dcaambiental.comtgacanta.gal
www.xunta.gal

Página 1 de 1

ÁMBITO- PREFIJO	CÓDIGO SEGURO DE VERIFICACIÓN	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
ORVE	ORVE-3011-7906-af10-8c65-3c2b-168f-01e5-372f	2021-11-02 12:40:09
Nº registro 2021/3088	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN https://seoe.administracionespublicas.gob.es/valida/v-altaservicio_csv_0010/	Validez del documento Original

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E500996030048F47298JRLS en https://seoe.concellodeamarin.es	AYUNTAMIENTO DE MARÍN - 02/11/2021 Dígitally signed by Manuel Díaz Cano, Jefe de Servicio de Evaluación Ambiental de Proyectos, DN: cn=Manuel Díaz Cano, o=AYUNTAMIENTO DE MARÍN, ou=AYUNTAMIENTO DE MARÍN, email=mdiazcano@concellodeamarin.es	02/11/2021 12:40:09 Fecha: 02/11/2021 Hora: 00:15 User: neg.MARIN
---	--	--

Coa implantación deste sistema de xestión ambiental mantemos controlados, principalmente: os procesos de recollida e xestión de residuos xerados no ámbito das praias e os seus accesos, os procesos de consumo e control da calidade da auga en praias, o consumo eléctrico para iluminación de vías, paseos, areas e chiringuitos,

a calidade da auga de baño e a información aos usuarios, a incidencia sonora de actividades diúrnas e nocturnas, o cumprimento legal das distintas actividades levadas a cabo, con especial atención aos chiringuitos e o aseguramento do Plan de Usos de Tempada, o sistema de comunicación e concienciación ambiental aos usuarios das praias, a mellora de espazos naturais próximos á zona de praias , o control dos posibles vertidos de augas residuais por desbordamento de fosas sépticas ou perdidas na rede, e o control de posibles incidencias ambientais que puidesen ocorrer na zona de praias



As praias de Marín volveron no verán 2021 a ser merecedoras do certificado de Bandeira Azul outorgado pola Adeac. Portocelo, Mogor, Agnete, Loira, O Santo-A Coviña revalidaron este distintivo de excelencia medioambiental, que premia non só a

calidade das augas dos areas de Marín, senón tamén a prestación de servizos e de comodidades para os usuarios.

Mellorar a sostibilidade do turismo e conseguir unha relación respectuosa co Medio Ambiente son dous obxectivos importantes que persegue o Concello. Con esta publicación pretendese facilitar ao público e a outras partes interesadas as liñas estratéxicas e as melloras permanentes acadadas no contexto medioambiental da xestión das praias.

Marián Sanmartín García

Maria Cristina Acuña González

Concelleira de medio ambiente,
benestar social, igualdade, educación e
festas

Concelleira de turismo, comercio,
dinamización, parques e xardíns e
cemiterios

1. DESCRIPCIÓN DA ORGANIZACIÓN. ALCANCE DO SISTEMA DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL

1.1. DATOS XERAIS.

ORGANIZACIÓN: CONCELLO DE MARIN

DIRECCIÓN DO CONCELLO: AVENIDA DE OURENSE S/N

CIF: P3602600C

TELEFONO: 986.880.300/886.208.086

FAX: 986.882.013/886.208.087

1.2. PRESENTACIÓN DO CONCELLO.

Marín é un municipio español pertencente á provincia de Pontevedra, na Comunidade Autónoma de Galicia. Atópase situado na península do Morrazo, na marxe meridional da Ría de Pontevedra, a 7Km. de Pontevedra e a 27Km. de Vigo.

Marín conta cunha poboación de 24242 habitantes (I.N.E decembro 2020) e cunha extensión de 35.9 Km².

Marín é coñecido mundialmente por albergar a Escola Naval Militar que foi trasladada ata esta localización en 1943 desde San Fernando (Cádiz).

O CNAE do CONCELLO DE MARIN é o 84.11 correspondente a Actividades xerais da administración pública

1.3. ALCANCE DO SISTEMA DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL

As **praías** obxecto da implantación do Sistema de Xestión Medioambiental baseado no regulamento EMAS son as enumeradas a continuación:

- PORTOCELO.
- MOGOR.
- AGUETE.
- LOIRA.
- COVIÑA
- SANTO DO MAR.

- LAPAMAN (Marín),
- RIBEIRA PEQUENA,
- OS NAMORADOS.

Para o acceso dende o centro urbano do Concello de Marín ate as praias o propio Concello promove medios de transporte sostibles, habilitando liñas de autobuses que percorren todas as praias do municipio, distintas rutas ciclo turistas e areas dotadas de "aparcabicicletas". Nas distintas praias periodicamente acondiciónanse os aparcadoiros, sinalizándoos de forma correcta o igual que os carrís de uso exclusivo para ciclistas ou uso compartido.

As **actividades** que se desenvolven dentro do alcance do Sistema de Xestión Medioambiental das praias do CONCELLO DE MARIN son as actividades de seguridade, salvamento e primeiros auxilios, limpeza e recollida de residuos, mantemento das instalacións, accesos, servizos hixiénicos e actividades de lecer

Dentro das actividades consideradas no alcance téñense en conta tamén o mantemento da maquinaria para dar servizo ás praias e que son xestionadas en instalacións pertencentes ao CONCELLO DE MARIN, no almacén-taller da SACOA/ Oficina de medio ambiente.

Coa implantación e mantemento do Sistema de Xestión Medioambiental preténdese evitar a degradación das praias, e potenciar a mellora medioambiental das mesmas dende o punto de vista da súa xestión e uso, potenciando no usuario a conciencia medioambiental e a sostibilidade.

1.3.1. PRAIAS

Preséntanse as praias do concello e as súas dotacións segundo autorización para a ocupación e/ou utilización dos terreos e bens de dominio público marítimo-terrestre mediante as instalacións e/ou actividades descritas no Plan de Explotación de Servizos de Tempada para os anos 2021-2024,

A.PORTOCELO.

Praia rectilínea, de area dourada combinada con pequenas pedriñas, abicada nun entorno urbano, nas proximidades do núcleo de Marín e ben resgardada..

Comunicada coa praia de Mogor por un paseo que discorre baixo a sombra de pinos e eucaliptos. Con augas tranquilas, propicias para o baño e os deportes acuáticos: vela, esquí, motonáutica e windsurf. Fermosas vistas dos areais.. Presenta unha lonxitude de 350 m e unha anchura de 30 m en baixamar.



É una praia moi familiar onde o perfil de usuario adoita ser adultos con nenos, debido a proximidade o núcleo urbán.

Para o acceso directamente á praia dispónse na marxe dereita dunha rampla de á través dunhas escaleiras, na marxe esquerda dun acceso a nivel con pasarelas, e na parte central dispónse de escaleiras de acceso o carón das duchas.

Seguindo o plan de usos, na época estival a praia está dotada con balizamento e un quiosco con terraza. Adicionalmente, como estrutura fixa dispónse dun restaurante e dada a morfoloxía da praia, baixo o vial, das instalacións do posto de socorrismo, de catro duchas e duns sanitarios de libre acceso público dotados con aseo adaptado para persoas dependentes..

A praia dispón do distintivo bandeira azul

B. MOGOR

Praia rasgada en forma de cuncha con unha lonxitude de 400 m e unha anchura media de 50 m. Presenta unha area branca e fina e forma de media lúa resgardada dos ventos polos piñeirais que a rodean. Dispón de unhas magníficas vistas sobre a Ría de Pontevedra e a illa de Tambo.



Na praia de Mogor dispóñense tres duchas no areal ,un baño dotado con aseo adaptado para persoas dependentes, caseta de salvamento e quiosco con terraza, e está dotada con balizamento,

No verán 2021 ningún optou ao servizo de hidropedais de Mogor, que quedou deserto no concurso publico para a súa concesión

A diferenza de Portocelo, Mogor ten dous bares-restaurantes a pe de praia.

O perfil de usuario que acode a esta praia é moi xuvenil a pesar de que nestes últimos anos acoden cada vez máis familias

A praia dispón de Bandeira Azul.

C. PRAIA DOS ENAMORADOS

Praia semiurbán sen paseo marítimo composta principalmente de area dourada. A súa extensión é de 80 metros por 25 metros con gran variación de ancho. É unha praia de difícil acceso (só por rocas). O nivel medio de ocupación é medio, e o estado habitual do mar é augas tranquilas.

Non dispón de servizos

D, AGUETE.

Ampla praia en forma de media cuncha dividido en tres por unhas zonas de pedras, Ten area branca e fina, dotada de bo equipamento e sita nun entorno semiurbán.

Destaca pola súa tranquilidade e seguridade no baño debido as súas augas tranquilas. Presenta unha lonxitude de 920 m e unha anchura media de 22 m e distintos accesos

Encontrase nas proximidades do club de mar de Agüete, que ofrece a posibilidade de practicar todo tipo de deportes acuáticos..

O perfil de usuario é moi vario pinto, dende familias a grupos de amigos son os que frecuentan esta praia



En canto ós accesos á praia na marxe dereita existe unha rampla con pasarelas e unha escaleira, na marxe esquerda dispónse dun acceso mediante rampla con pasarelas de madeira e, en total ten outros tres accesos con rampas, estando situados un no centro e dous na marxe dereita.

Na praia de Agüete existen dos aseos de libre acceso público con baño adaptado para persoas dependentes, cinco duchas, dúas casetas de salvamento, un quiosco cunha pequena terraza e dispón de balizamento.

Na praia de Agüete non verán 2021 tamén houbo un posto de canoas e piraguas e outro máis de pádel surf.


A praia presenta Bandeira Azul.

E. LOIRA.

Praia en forma rectilínea, de area dourada e fina ubicada nun entorno semiurbán. A praia dispón de zona de fondeo de embarcacións.

Pola súa distancia a Marín é a praia de menos volume de xente. É a menos abrigada, con oleaxe case continuo e desnivel importante.

Dispón de unha lonxitude de 420 m e unha anchura media de 70 m. Esta praia esta formada pola desembocadura do río Loira, e esta delimitada por un promontorio frondoso na súa parte occidental. Cara o final da praia e na parte máis lonxe da beira do río atopamos dúas porterías para practicar o fútbol praia e unha rede de voleibol



Para os accesos ó areal a praia na marxe dereita existe unha rampla de acceso e na marxe esquerda un acceso a nivel con pasarelas.

Na praia de Loira dispónse de un sanitario de libre acceso público con adaptación para persoas dependentes, tres duchas e dispón de balizamento, un quiosco, varias terrazas e unha caseta de salvamento.

A praia de Loira ten conexión a rede de saneamento municipal. Conta dende 2018 con Bandeira Azul,

F. RIBEIRA PEQUENA,

É unha praia de 100 m de lonxitude e un ancho medio de 5 m. É unha praia illada composta de grava e area dourada con difícil acceso a pé, de maneira que o grao de ocupación que presenta é baixo.

No 2017 mellorouse ó acceso o areal de Ribeira Pequena con escalas de madeira e conectáronse as dúas partes do núcleo separadas pola mesma.



Os arredores de Praia Ribeira contan con zonas verdes e vexetación.



As condicións do mar habituais son de Augas tranquilas

O seu Grao de ocupación é Baixo

Non dispón de servizos.

G. A COVIÑA.

Praia con fermosas vistas abicada nun entorno natural, é unha praia de 120 m e de augas tranquilas. Conta con fondeo para embarcacións.



O acceso á praia en coche durante os meses de verán restrínxese para asegurar o acceso de ambulancias, por tratarse de estradas secundarias. Non existe aparcadoiro no acceso á Praia da Coviña.

Conta con servizo de socorrismo e bandeira azul

H, SANTO DO MAR.

Praia en forma rectilínea, de area branca e fina, combinada con cantos rodados. Abicada nun entorno rural caracterizada polas súas augas tranquilas ideais para gozar do baño. Con zona de fondeo de embarcacións. Presenta unha lonxitude de 350 m e unha anchura media de 15 m, e sendo a praia máis pequena do Concello pero pola contra una das máis vistosas pola súa pequena illa situada no medio do areal.



O acceso á praia en coche durante os meses de verán restrínxese para asegurar o acceso de ambulancias, por tratarse de estradas secundarias. Non existe aparcadoiro no acceso á Praia do Santo.

No Santo dispónse de un sanitario de libre acceso público, unha ducha, unha caseta de salvamento, un pequeno quiosco e está dotada de balizamento

Dende a campaña 2015 a praia dispón de bandeira azul

I. LAPAMAN

É a maior e máis longa praia do municipio de Marín e que comparte co veciño Bueu. A súa extensión é de 800 metros por 30 metros de ancho. Augas cálidas e cristalinas. É unha praia semiurbán sen paseo marítimo, con area fina e branca



Limita o norte coa Praia de A Coviña

Pese a no contar con excesivos servicios, a ocupación en temporada estival é alta,

No verán 2020, no ámbito do plan de actuacións marcada pola pandemia derivada da enfermidade ocasionada polo virus SARS- CoV-2, na cal vimos a necesidade de reducir os servizos aos usuarios das nosas praias en relación á dispoñibilidade de duchas e servizos hixiénicos, e a dispoñibilidade de colectores de residuos nos areais, as duchas e o baño non estiveron operativos.

Non verán 2021 volveron a estar en servizo os aseos, as duchas e os lavapés, aínda que non se recuperou a disposición de papeleiras nos areais. Reforzáronse os contedores de recollida selectiva e de reciclaxe nas entradas e saídas das praias, para incentivar o bo tratamento dos residuos. Así en varios accesos, segundo a praia, no vial ou nas proximidades dispónse de colectores para a eliminación de residuos orgánicos, envases e plásticos, papel e cartón vidro.

Unha ou dos veces ó día a contrata de limpeza específica realiza actividades de limpeza na praia baleirándose as papeleiras dos accesos e a recollendo os refugallos depositados no areal, e a limpeza e desinfección dos aseos.

A limpeza do areal ven reforzada polo o persoal das brigadas municipais mediante o uso periódico de vehículos limpa praias

1.3.2. ALMACEN SACOA. OFICINA MEDIOAMBIENTE

Para levar a cabo a actividade de mantemento da maquinaria que se usa dentro da xestión das praias dispónse dun pequeno parque de maquinaria e gardería de vehículos compartido, ate 2018, coa empresa que levaba a cabo a xestión de residuos


sólidos urbanos. Nestas mesmas instalacións existe un pequeno almacenamento de produtos de limpeza e para mantemento de maquinaria que se utilizan para levar a cabo distintas actividades relacionadas coa xestión das praias, ademais de parques e xardíns.

Nestas instalacións son efectuadas as labores administrativas relativas a propia xestión das praias e o sistema de xestión ambiental polo capataz municipal e polo delegado para o sistema de xestión ambiental, ademais das propias desenvolvidas na Casa Consistorial polas conselleiras de medio ambiente e de turismo e polos técnicos municipais.

2. DESCRIPCIÓN DO SISTEMA DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL

2.1 ORGANIZACION E ACTIVIDADES

Coma ben de ser indicado, o Alcance do Sistema de Xestión Medioambiental inclúe as actividades e servizos levados a cabo nas praias do CONCELLO DE MARIN; entre outras as actividades que se teñen en conta son: Seguridade, salvamento e primeiros auxilios, limpeza de accesos, limpeza de areas e recollida de residuos, mantemento das instalación existentes nas praias, dotación e limpeza de servizos hixiánicos, mantemento dos equipos de limpeza das praias, actividades de lecer, etc.



ORGANIGRAMA DE XESTIÓN DE PRAIAS.

Os socorristas e ó persoal de limpeza das praias son contratados na época estival. Considéranse baixo o concepto de “empregados equivalentes” no cálculo dos indicadores básicos exixidos polo regulamento EMAS

A xestión das praias é tarefa compartida entre As Concelleiras de:

- Medio Ambiente e benestar social, igualdade, educación e festas

Entre as súas responsabilidades se atopan todos os servizos que son competencia municipal relacionados coa auga, saneamento, parques e xardíns, electricidade e carpintería que se levan a cabo coas brigadas municipais de obras, limpeza, fontanería, electricidade e carpintería.

- Turismo, comercio, dinamización, parques e xardíns e cemiterios

O turismo leva implícito actuacións transversais dirixidas a ofertar distintos ámbitos que teñen susceptibilidades de ser explotados. Campañas turísticas, as praias, os servizos que se ofrezan e o seu estado de calidade.

O comité de xestión de praias, conformado polas conselleiras de medio ambiente e turismo, o responsable de medio ambiente o técnico municipal e o capataz, ten a labor de planificar, dotar e organizar os servizos e actividades do persoal implicado na xestión das praias.

O comité de xestión de praias é o encargado da identificación dos riscos e dos aspectos medioambientais e da súa posterior avaliación, considerando os riscos e as oportunidades vinculados o cumprimento das expectativas das partes interesadas.

A avaliación dos aspectos medioambientais define aqueles aspectos que son considerados significativos e os que se consideran como non significativos, có fin de poder establecer obxectivos e metas medio ambientais.

A avaliación dos aspectos medioambientais identificados inicialmente levase a cabo segundo diferentes criterios dependendo si os aspectos a avaliar son considerados Directos, Indirectos ou producidos por situacións de emerxencia acontecidas.

Unha vez identificados os aspectos medioambientais consecuencia das actividades levadas a cabo, identifícanse os requisitos legais que son de aplicación aos aspectos medioambientais recoñecidos, avaliando posteriormente o cumprimento dos mesmos, e informando as partes interesadas afectadas

Como consecuencia o Concello de Marín identifica as actividades que xeran aspectos medioambientais significativos e leva a cabo procedementos ou instrucións técnicas para que se desenvolvan en condicións controladas. O control operacional supón polo tanto que as operacións se executen sempre de forma planificada. Nos procedementos específicos do Sistema de Xestión Medioambiental recóllense as responsabilidades e tarefas a aplicar para o correcto desenvolvemento dos mesmos.

O Concello de Marín dispón dunha sistemática para permitir levar a cabo o seguimento e medición das características claves das operacións e actividades que teñan influencia sobre o medio ambiente, así como para medir o grado de cumprimento dos requisitos legais identificados.

A Dirección Xeral de Saúde Pública do Goberno Autonómico realiza o control da calidade das augas litorais, a determinación da súa aptitude para o baño, o control da calidade da área da peripraia, e a aplicación de medidas sanitarias. Todas estas accións son competencia da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

As actividades asociadas os procesos de limpeza e de recollida de residuos nas praias é efectuado pola empresa adxudicataria do concurso público o efecto establecido, sendo coordinados polo capataz municipal, o igual que o servizo de balizamento.

As actividades de socorrismo e primeiros auxilios son desenvolvidas por persoal socorrista, patróns e un coordinador. Todos eles son anualmente contratados segundo as bases publicadas para a selección do persoal do dispositivo de salvamento e socorrismo das praias do Concello de Marín na tempada de verán.

No ámbito do sistema de xestión, o menos con carácter anual, levase a cabo unha auditoría interna, segundo o indicado no Programa de Auditorías Medioambientais. A auditoría interna ten como obxecto a detección de deficiencias ou desviacións con respecto ao programado, e a valoración da eficacia do sistema de xestión en relación ó fin para o que foi definido e implementado. Do mesmo xeito levase a cabo que a auditoría externa, que anualmente e feita a través dun verificador medioambiental acreditado por ENAC.

As non conformidades detectadas nas auditorías, o igual que as que acontecen no día a día da xestión, son descritas e avaliadas, definíndose accións correctoras coa finalidade é dar solución ás mesmas, evitando que estas poidan volver a suceder.

Con carácter anual lévase a cabo a Revisión pola Dirección na que se teñen en conta ao menos os seguintes aspectos:

- Informes anteriores de Revisión pola Dirección. Estado das accións derivadas
- Cambios en:
 - 1) cuestións externas e internas relevantes para o sistema de xestión;

- 2) necesidades e expectativas das partes interesadas;
 - 3) aspectos ambientais significativos;
 - 4) riscos e oportunidades;
- Seguimento de obxectivos e metas ambientais. Grao de cumprimento
 - Información sobre o desempeño ambiental da organización, incluídas as tendencias relacionadas con:
 - 1) non conformidades e accións correctivas; incluídas as situacións de emerxencia ou incidencias ambientais.
 - 2) resultados de seguimento e medición;
 - 3) cumprimento dos requisitos legais e outros requisitos;
 - 4) resultados das auditorías internas e informes de auditorías dá entidade de certificación;
 - Adecuación de recursos;
 - Comunicaci3ns relevantes das partes interesadas, incluídas queixas e enquisas a usuarios
 - Oportunidades de mellora continua;
 - Grao de cumprimento de requisitos medioambientais de provedores e contratistas

Anualmente presentase ante 3 Organismo Competente a declaración medioambiental do Sistema de Xestión Medioambiental validada, onde se aportan os novos datos dos indicadores medioambientais e os demais contidos pautados polo anexo IV do regulamento EMAS III, e as conclusións relativas a mellora do noso desenvolvemento ambiental.

2.2 ESTRUCTURA DOCUMENTAL

O sistema de xestión medioambiental do CONCELLO DE MARIN est3 estruturado documentalmente en:

- Manual do Sistema de Xestión Medioambiental. no que se describe o sistema.
- Procedementos e Instruci3n T3cnicas, onde se desenvolven as metodoloxías desenvolvidas para as distintas actividades e servizos.
- Rexistros ou informaci3n documentada de evidencia do cumprimento dos procedementos e instruci3ns.

Os procedementos que conforman noso Sistema de Xestión Medioambiental son:

Análises Interno y Externo

Xestión de riscos e oportunidades

Identificación e avaliación de aspectos medioambientais

Identificación e avaliación de requisitos legais e outros.

Obxectivos e metas medioambientais

Xestión de formación ambiental e competencia profesional

Xestión da comunicación medioambiental interna e externa

Control da Información documentada

Control Operacional Ambiental

Control Ambiental de concesionarias, contratistas e provedores

Emerxencias Ambientais

Xestión de residuos

Xestión dos consumos

Control das augas de baño

Control dos vertidos

Control das actividades que se levan a cabo nas praias

Xestión do almacén

Control dos ruídos

Xestión de provedores e subcontratistas. Actividades concesionadas ou adxudicadas

Seguimento e medición

Auditorías internas

Revisión do sistema pola dirección

Xestión das non conformidades e accións de mellora

As Instrucións Técnicas desenvolvidas son:

Actuación ambiental ante acontecementos esporádicos

Montaxe e desmonte de instalacións móbiles

Xestión de Residuos Biosanitarios

Normas de Cortesía

Boas practicas ambientais en negocios de hostalería/ chiringos/quioscos”

Boas Practicas Ambientais” en actividades nas praias

Incendios

Derrames de graxas ou produtos combustibles no areal como consecuencia dun desperfecto nalgunha das maquinas de limpeza das praias

Derrames de graxas ou produtos combustibles no mar como consecuencia dun desperfecto nalgunha das embarcacións de salvamento marítimo da praia ou de embarcacións de recreo.

Presencia de grandes cantidades de algas

Rotura ou fisura da fosa séptica

Inundacións

Derrames de produtos nas instalacións de Sacoa.

Chegada de animais de gran tamaño ás praias.

Xestión de residuos no Taller

3. POLÍTICA MEDIOAMBIENTAL.

A política medioambiental é o documento público onde se recollen os obxectivos principais do CONCELLO DE MARIN respecto ao Medio Ambiente, asinado polo mais alto representante da dirección da organización, e actuando como o marco de referencia para establecer e revisar os obxectivos medioambientais.



A política en vigor en 2021, e na data de edición desta declaración ambiental, é a exposta a seguir.





POLITICA MEDIOAMBIENTAL

O CONCELLO DE MARIN consciente da importancia de preservar, coidar e respectar o medio ambiente, e coa finalidade de lograr un mellor desenvolvemento sostible, considera necesario a implantación dun Sistema de Xestión Medioambiental no alcance "Xestión de Praias".

A implantación dun Sistema de Xestión Medioambiental nos fai adoptar esta política medioambiental e obríganos á súa revisión periódica e a das nosas actividades e servizos co fin de comprobar o estricto acatamento desta e a mellora continua dos nosos resultados medioambientais.

O CONCELLO DE MARIN comprométese a:

- Levar a cabo unha avaliación das actividades asociadas ao usufruto e á xestión das praias do CONCELLO DE MARIN para coñecer cales son os nosos impactos medioambientais significativos.
- Levar a cabo as medidas necesarias para protexer o entorno e para reducir e previr a contaminación co fin de garantir a protección do medio ambiente debido ás actividades desenvolvidas como consecuencia do usufruto e xestión das praias.
- Cumprir con toda a lexislación medioambiental que lle sexa de aplicación, así como con todos os requisitos medioambientais que voluntariamente subscriba, relacionados cos impactos medioambientais asociados á xestión das praias.
- Buscar o aforro de recursos naturais levando a cabo un uso racional dos mesmos (auga, electricidade...) fomentando e buscando a sensibilización tanto das persoas usuarias das praias como das persoas que traballan, directa ou indirectamente, que forman parte da xestión das praias do CONCELLO DE MARIN.
- Promover a minimización da produción de residuos e o fomento da segregación e recollida selectiva dos mesmos, tanto nas persoas que usan as praias como as que traballan nelas.
- Fomentar a responsabilidade entre os distintos axentes involucrados na xestión e no uso das praias levando a cabo actuacións encamiñadas á súa formación e sensibilización, potenciando o uso respetuoso das praias e zonas de baño.
- Informar da calidade das augas de baño, asegurando unhas condicións hixiénico-sanitarias aptas para o seu uso.
- Definir obxectivos medioambientais, establecendo as actuacións a levar a cabo, e asegurando desta forma a mellora continua do noso comportamento ambiental na xestión das praias.
- Proporcionar información sobre o noso comportamento medioambiental ás partes interesadas.

MARÍN, a 14 de Febreiro de 2018



Dña. María del Pilar Ramallo Vázquez
Alcaldesa de Marín

4. O CONCELLO DE MARIN E O SEU CONTEXTO

O CONCELLO DE MARIN determina os axentes externos e internos que son relevantes para a "excelencia na xestión ambiental das praias" e que afectan a capacidade de acadar os resultados esperados. Estas cuestións inclúen condicións ambientais que poden afectar ou ser afectadas pola organización ou polos usuarios das praias.

A comprensión do contexto é importante xa que o CONCELLO non opera de forma illada na excelencia perseguida coa xestión das súas praias: Cuestións como a dispoñibilidade de recursos, a participación activa do persoal, propio ou contratado, e especialmente as actitudes e comportamentos dos usuarios e usuarias son determinantes para o obxectivo perseguido de preservar o medio ambiente nunha ampla iniciativa de sostibilidade.

A partir da revisión da identificación do contexto, incluídas as denominadas partes interesadas e as súas expectativas, anualmente CONCELLO de MARIN procede a identificación e avaliación dos riscos e oportunidades para o cumprimento dos obxectivos e resultados esperados do sistema de xestión ambiental implantado nas praias, e dispón as accións necesarias.

Así, durante o 2021 levouse a cabo una nova revisión das necesidades e expectativas das partes interesadas, así como a das cuestións internas e externas relacionadas co contexto da organización. Particularmente, en relación coa situación marcada pola COVID 19 e o plan de actuación despregado polo concello de Marín as partes interesadas externas, basicamente usuarios, que foron obxecto de enquisa na campaña de 2020. Do seu análise xurdiron necesidades e expectativas que se tiveron en conta a hora de realizar a planificación da campaña do verán 2021.

5. IDENTIFICACIÓN DOS RISCOS E OPORTUNIDADES

Unha vez que dende o comité xestor das praias se teñen identificadas as necesidades e expectativas das partes interesadas, así como tralo análise do contexto da organización, procédese a identificación de aqueles riscos e oportunidades reais ou potenciais para o cumprimento dos obxectivos do CONCELLO de MARIN e ó dos resultados esperados do sistema de xestión ambiental implantado nas praias,

Unha vez identificados os riscos e oportunidades que afectan o sistema de xestión, establécense unha serie de accións para tentar aumentar os efectos desexables ou previr ou mitigar os efectos non desexados, e conseguir unha mellora continua

O proceso de xestión de riscos aplicable ao sistema de xestión ambiental é un proceso de cinco etapas ou subprocesos, secuencial e iterativo:

1. Planificación da xestión dos riscos.
2. Identificación dos riscos.
3. Análise dos riscos.
4. Planificación da resposta a os riscos.
5. Supervisión e control dos riscos

Así, na planificación da campaña 2021 ven de ser actualizada a Matriz ou listaxe de Riscos e Oportunidades, mediante o análises de eficacia das accións despregadas en 2020 para aqueles riscos que se considerou necesario abordar, e mediante a identificación de potenciais novos riscos e análise do seu impacto.

A análise de riscos levouse a cabo para examinar os riscos identificados e determinar a exposición ao risco (índice de criticidade). A avaliación realizouse en función dun sistema matricial de probabilidade de ocorrencia e de impacto no caso de que ocorran.

Os riscos mais relevantes inicialmente identificados na planificación da campaña 2021 foron:

- ✓ Dificultades a hora de CUBRIR OS POSTOS DE SOCORRISTAS nas praias
- ✓ Afectación o servizo de socorrismo por pandemia DA COVID 19 OCASIONADA POLO SARS- COV-2

- ✓ FALTA DE COBERTURA non concurso para concesión do SERVIZO LIMPEZA de praias
- ✓ LIMPEZA INCORRECTA ou insuficiente dos areas
- ✓ Incremento da XERACIÓN DE RESIDUOS DE RECOLLIDA MANUAL (ratios fronte a recollidas en contedores). Ausencia de papeleiras no areal. Carencias de concienciación
- ✓ FALTAS DE SEGREGACIÓN de residuos depositados nos colectores. Carencias de concienciación
- ✓ Existencia de AFLORAMIENTOS E VERTEDURAS non controladas

e en menor medida:

- ✓ Inadecuado comportamento dos usuarios en materia de CONSUMOS DE AUGA NOS AREAIS
- ✓ Falta de INFORMACIÓN de desempeño ambiental acorde á realidade por INCORRECTA captura y/o tratamento dos datos de indicadores
- ✓ FALTA DE COBERTURA non concurso para CONCESIÓN de quioscos e negocios de tempada segundo o plan de uso das praias

Como oportunidades, as avaliadas como mais relevantes foron:

- ✓ Mellora da ACCESIBILIDADE as Praias
- ✓ Eficiencia e AFORRO ENERXÉTICO. Sistemas de iluminación
- ✓ Diminución da PEGADA DE CARBONO no ciclo de vida das praias

Para estes riscos foron determinados PLANS DE MITIGACIÓN OU DE CONTINXENCIA coas accións que debían de se adoptar para executar a estratexia de resposta aos riscos. Todas elas foron eficaces agás as asociadas a CONSUMO DE AUGA POLOS USUARIOS, aspecto significativo nalgunhas praias; A XERACIÓN DE RESIDUOS DE RECOLLIDA MANUAL, cunha diminución de mas do 80% na súa xeración pero que non obxectivamente comparable como se expón mas adiante nesta declaración; a FALTA DE COBERTURA no concurso para CONCESIÓN de quioscos e negocios, materializado nos hidropedais na praia de Mogor.

6. PLAN DE ACTUACIÓNS DERIVADA DA COVID 19 OCASIONADA POLO SARS- COV-2

O bo tempo e a época estival permiten gozar das nosas praias unha xoia natural que nos distingue como municipio e que supón un importante atractivo turístico

Na planificación da campaña estival 2020 dende o Concello de Marín vimos de tomar unha serie de medidas de control para que o desfrute das praias por nosos veciños e visitantes fose segura, debendo facelo con sentidiño, responsabilidade e cumprindo con todas as medidas adoptadas no decreto de nova normalidade derivado da crise sanitaria da Covid19, así como todas as recomendacións do ente Bandeira Azul. Unha parte delas tamén foron acuñadas no verán 2021, como indicase a seguir.

As medidas adoptadas polo concello de Marín foron as seguintes

6.1 XESTIÓN E CONTROL DA MOBILIDADE NAS PRAIAS E NA SÚA CONTORNA. MOTORIZACIÓN E LIMITACIÓN DO AFORO NOS AREAIS

O Concello de Marín mediu o aforo das praias para o seu futuro control. O proceso, que se realizou a través de voo fotogramétrico con vehículo aéreo non tripulado (dron), levouse a cabo en todas as praias tanto para a preamar, como para a baixamar. Con esta tecnoloxía xeráronse unhas curvas de nivel onde se crearon as liñas de baixamar e preamar que serviron para calcular o aforo total de cada un dos areais seguindo os criterios recollidos no decreto da Nova Normalidade publicado no DOGA para o verán 2020, é dicir, reservando catro metros cadrados como a superficie que podía ocupar cada persoa

Atendendo a estes parámetros, Loira é a que máis xente permite no seu espazo de 420 metros lineais cun aforo total de 2.645 persoas. Séguena Aguete, con 1.690 persoas permitidas nos seus 900 metros lineais; Mogor, cun aforo de 1.280 persoas en 400 metros lineais e, por último Portocelo, con 970 usuarios en 350 metros lineais

Coñecendo estes datos, o control de aforo comezou a realizarse a partir do un de xullo e permaneceu activo ata que finalizou a tempada de verán utilizando un sistema

de conteo informático. Este método capaz de xerar o dato en tempo real do número de persoas que estaban en cada momento en cada unha das praias, instalouse en Portocelo, Mogor, Aguate e Loira. Os datos que se ían xerando envorcábanse nun sistema informático que os traducía a un semáforo de ocupación con catro niveles: baixo, medio, alto e completo



Esta simboloxía, fácil de interpretar por todo o mundo, estivo dispoñible en diversas plataformas para a consulta popular da mesma: a través dunha aplicación, a través da páxina web do Concello e a través das redes sociais. Os datos mantivéronse actualizados practicamente en tempo real, de tal maneira que se alguén quería acudir a un areal concreto podía saber con antelación como estaba a praia nese momento



Estas medidas mantivéronse en 2021 aínda que non dispuxéronse os semáforos físicos que indicaban o aforo en tempo real de cada praia habilitados no 2020. Estes semáforos físicos viñan a replicar a información que se podía consultar de xeito automático na web do Concello, onde se podía coñecer o estado

de cada praia en tempo real e a súa densidade de ocupación por zonas.

A medición basease nun sistema de mapa de calor a través dun computador con visión artificial para controlar o que pasa dentro das praias. Posteriormente esa información envorcábase na web

Grazas ao sistema de aviso vos usuarios non que estes puideron comprobar antes de ir á praia como se atopaba o areal para evitar posibles aglomeracións, en ningún momento en ningunha praia detectouse en todo ou verán a condición de "aforo completo"

6.2 ADECUACIÓN DOS SERVIZOS

O Concello de Marín, entre outras tantas medidas, no verán 2020 mantivo pechados os baños das praias co obxectivo de evitar que se converteran en focos de contaxio. Tampouco se puido facer uso dos lavapes ou as duchas, nin se dotaron papeleiras nos areais, ante a imposibilidade de poder desinfectar estes espazos tras cada uso.

Nesta liña, e co obxectivo de previr contaxios nas zonas comúns máis usadas, o Concello tamén tomou a decisión de non poñer ao dispor do usuarios os habituais aparcamentos de apoio xestionados cos propietarios.

Así, a tempada 2021 desde Declaración Ambiental, os lavapes, duchas e aseos volveron estar operativos, ao igual que as áreas de aparcamento de apoio.

O igual que no 2020, nos dispostas as papeleiras nos areais reforzáronse os colectores de recollida selectiva, de reciclaxe, nas entradas e saídas das praias, para incentivar o bo tratamento dos residuos.. A retirada das papeleiras da praia foi premiado como unha boa práctica por parte da Adeac, o organismo de sustentabilidade medio ambiental responsable de dar as Bandeiras Azuis.

6.3 CONVENIO COA CANLE HORECA NA CONTORNA DAS PRAIAS

O feito de no contar con servizos hixiénicos nos areais en 2020 propiciou que se chegase a un acordo cos establecementos de hostalaría que están nas praias para que os seus aseos foxen de uso público. En 2021 vólvese a chegar a un acordo no mesmo senso para que os usuarios das praias puidesen facer uso dos aseos dos locais fóra do horario de apertura dos aseos das praias vinculado á xornada do servizo de socorrismo

O concello estableceu un acordo de colaboración e dotou os bares e restaurantes que colaboraron co Concello nesta circunstancia de varios lotes de papel hixiénico, lixivia e produtos desinfectantes, así como un kit de primeiros auxilios. Ademais, por conta do concello, tivo lugar o baleirado das fosas sépticas daqueles establecementos que non dispoñen de conexión a rede de saneamento municipal

6.4 CONCIENCIACIÓN DOS USUARIOS

O Goberno local ha colocado carteis informativos nas inmediacións das praias coas recomendacións sanitarias a ter en conta, medidas de hixiene e de prevención a tomar durante a estancia na praia, como respectar a distancia de seguridade e levar máscara, e taboleiros informativos do aforo máximo sobre o que se realizan as medicións de ocupación



Ademais, en liña cos obxectivos implantados anualmente, foron dispostos carteis concienciando os usuarios acerca a adecuada segregación de residuos e o control de consumos

UTILIZA CONTEDORES E CABICHEIROS



MARÍN
Xestión de praias sostible

REDUCE CONSUMOS



MARÍN
Xestión de praias sostible

7. DESCRIPCIÓN E NATUREZA DOS ASPECTOS MEDIOAMBIENTAIS DIRECTOS E INDIRECTOS SIGNIFICATIVOS E IMPACTOS ASOCIADOS. METODO DE AVALIACION

Coñécese como Aspecto medioambiental ao elemento das actividades, produtos ou servizos da organización que poden interferir no medio ambiente; un aspecto medioambiental significativo é aquel que ten ou pode ter un impacto medioambiental significativo.

Os aspectos medioambientais que se identifican na xestión das praias son:

- Emisións atmosféricas.
- Xeración de verteduras.
- Consumos de auga
- Consumos de electricidade
- Xeración de residuos perigosos
- Xeración de residuos non perigosos
- Uso do solo. Biodiversidade
- Emisión de ruídos.
- Outras cuestións medioambientais.

A identificación detallada de aspectos ambientais, segundo o proceso xerador, directos e indirectos, tanto os que teñen lugar en condicións normais e anormais como os producidos polas potenciais situacións de emerxencia, teñan lugar nos areais, no taller da Sacoa ou noutro lugar, tomando en consideración a perspectiva do ciclo de vida da XESTION DAS PRAIAS,

A avaliación dos aspectos medioambientais é actualizada ao menos con carácter anual

7.1. AVALIACIÓN DE ASPECTOS DIRECTOS.

Para a avaliación de aspectos medioambientais directos, aqueles sobre os que o concello ten capacidade de xestión, téñense en conta tres variables

TOXICIDADE: Defínese como a intensidade do impacto medioambiental no medio ambiente e nas persoas xerado por cada un dos aspectos medioambientais das actividades, produtos ou servizos da empresa.

MAGNITUDE: A magnitude indica a dimensión cuantitativa do aspecto medioambiental xerado durante un ano polas actividades, produtos ou servizos da organización. Para a estimación da magnitude usaranse os valores obtidos nos indicadores ambientais asociados aos aspectos ambientais

EXISTENCIA DE REQUISITOS: Valora a existencia ou non de requisitos legais aplicables á actividade, produto ou servizo evacuado.

O nivel de significancia obtense a partir da realización do produto entre as tres variables (Toxicidade. Magnitude e Existencia de requisitos) por unha serie de factores.

A magnitude, que indica a dimensión cuantitativa do aspecto ambiental xerado durante un ano polas actividades ou servizos da organización, e un dato analizado comparativamente con correspondente o período anterior

Aínda que a xeración de residuos recollidos nas praias e gran parte dos consumos nestas son consecuencia do usufruto das nosas praias polos visitantes, estes aspectos avalíanse como aspectos medioambientais directos, aínda que o concello non ten mais que capacidade de influencia sobre estes.

7.2. AVALIACIÓN DE ASPECTOS INDIRECTOS.

Os aspectos medioambientais indirectos de aqueles provedores ou contratados que traballan directamente nas nosas instalacións ou nas nosas praias avalíanse do mesmo xeito e en conxunto cos aspectos medioambientais directos.

Os aspectos medioambientais xurdidos como consecuencia da realización de actividades e servizos, ou a provisión de produtos, sobre os que o concello non ten capacidade mais que de influencia, incluídos os das actividades concesionadas, avaliarase en función de dúas variables

DESEMPEÑO AMBIENTAL DAS EMPRESAS

GRADO DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS MEDIOAMBIENTAIS

O nivel de significancia obtense a partir da suma de ambas variables multiplicados estes por uns factores.

7.3. AVALIACIÓN DE ASPECTOS EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA.

As situacións de emerxencia avalíanse en función das variables probabilidade e severidade.

PROBABILIDADE: Equivale á probabilidade de ocorrencia do suceso.

SEVERIDADE: Equivale á severidade das consecuencias no caso de que a emerxencia tivera lugar.

O nivel de significancia obtense a partir do produto de ambas variables.

7.4. ASPECTOS MEDIOAMBIENTAIS SIGNIFICATIVOS.

Os aspectos medioambientais significativos resultantes na última avaliación efectuada en marzo 2022, cos datos de desempeño de 2021 foron os seguintes. No caso dos consumos de auga en praias, os valores compáranse contra os do ano 2019:

Ámbito	Aspecto	Impacto
Conxunto praias	Consumo combustible vehiculos	Contaminación do medio
Almacén / taller de sacoa	Xeración de pilas	Contaminación do medio
	Consumo de electricidade	Esgotamento de recursos naturais
	Consumo de auga	Esgotamento de recursos naturais
	Xeración de absorbentes contaminados	Contaminación do medio
Praia de Mogor	Consumo de electricidade	Esgotamento de recursos naturais
Praia de Loira	Consumo auga	Esgotamento de recursos naturais
Praia de do Santo	Consumo auga	Esgotamento de recursos naturais
	Consumo de electricidade	Esgotamento de recursos naturais

Praia de Aguete	Consumo de electricidade	Esgotamento de recursos naturais
Praia de Portocelo	Consumo de electricidade	Esgotamento de recursos naturais
	Consumo auga	Esgotamento de recursos naturais

A nova normalidade tras o verán de 2020 supuxo unha reactivación que incrementou o parámetro "magnitude" nas comparacións 2021-2020.


Na campaña estival 2020, por mor das restricións debidas a COVID e o as actuacións indicadas no capítulo 6 desta Declaración Ambiental, os aspectos ambientais asociados o consumo de auga nas praias no tiveron ocorrencia. No ano 2021 volveron existir consumo de auga nas praias. Comparando este co do ano 2019, resulta en valor absoluto e en valor ponderado incrementa no global, e tamen nalgunas praias na media por usuario estimado

Ningún Aspecto Ambiental identificado como xerado en condicións de emerxencia ha sido avaliado como significativo. Tampouco existen aspectos indirectos significativos

8. OBXECTIVOS E METAS EN RELACIÓN COS ASPECTOS E IMPACTOS MEDIOAMBIENTAIS.

O CONCELLO DE MARIN definiu un programa medioambiental onde se refiren os obxectivos e metas medioambientais para o ano 2021 a partir da análise de consecución dos obxectivos 2020, dos resultados da actualización da avaliación dos aspectos medioambientais, e tomando tamén en consideración os resultados da avaliación de riscos e oportunidades ambientais no alcance do SGA, cos datos de desempeño de 2020. Estes foron:

Nº	OBXETIVO MEDIOAMBIENTAL	META/S MEDIOAMBIENTAIS
0	Continuación da Mellora da imaxe do Concello de Marín como organización ambientalmente comprometida	Renovación rexistro EMAS 2021 <hr/> Difusión da Declaración Ambiental validada da campaña estival 2020, e da renovación do rexistro ante a Dirección Xeral de Calidade Ambiental <hr/> Disposición nos Accesos ás Praias de nova carteleira alusiva o compromiso do Concello de Marín COMPROMETIDOS CO MEDIO AMBIENTE
Avaliación final: Obxectivo acadado http://www.concellodemarin.es/turismo-traballa-para-renovar-o-certificado-ambiental-emas/ <ul style="list-style-type: none"> ✓ DMA validada con data 23/09/2021 ✓ ISO 14001 vigor ate 15/07/2024 http://www.concellodemarin.es/categoria/concellerías/medio-ambiente-e-benestar-social/ <ul style="list-style-type: none"> ✓ Rexistro EMAS renovado ate 23/09/2022 https://cmatv.xunta.gal/seccion-organizacion/c/SX de Calidade e Avaliacion Ambiental?content= SX Calidade Avaliacion Ambiental/Sistemas calidade/seccion.html&sub=utilidades-emas/&ui= SX Calidade Avaliacion Ambiental/Sistemas calidade/utilidades-emas/Centro EMAS/centroEMAS_0377.html		
1	Mellora da imaxe das praias	MOGOR recuperación de la arena movida <hr/> Reparación de Muros (SANTO) <hr/> Pintado de casetas y Muros <hr/> Renovación de taboleiros e carteis <hr/> Limpeza de graffitis e pintadas nos accesos <hr/> Renovación das sillas dos socorristas nas praias de PORTOCELO E MOGOR
Avaliación final: Obxectivo parcialmente acadado <ul style="list-style-type: none"> ✓ Renovados taboleiros ✓ Pintadas casetas e estruturas segundo as necesidades ✓ Feitos desbroces perimetrais e limpeza ✓ Renovadas sillas dos socorristas en PORTOCELO Y MOGOR 		

✓ Reparación muro no areal do Santo condicionando permiso de M ^o Costas		
2	Melloras en accesibilidade ás praias	Mellorar a estabilidade dos pasareas. Reparación ou dotación segundo necesidades <hr/> Reparación de accesos (rampas) nas praias de PORTOCELO, MOGOR E COVIÑA <hr/> Ubicar un área ZONA ACCESIBLE na Praia de Portocelo
Avaliación final: Obxectivo alcanzado ✓ Pasareas e rampas reparadas. ✓ AREA ACCESIBLE na Praia de Portocelo montada 24.06.2021		
3	Incremento da Sostibilidade. Redución do 10% no consumo de auga nas praias	Sensibilización dos usuarios en materia de consumo responsable (nenos & duchas) <hr/> Avaliación continua de perdas na Rede e puntos terminais
Avaliación final: Obxectivo non acadado Incremento notorio en Portocelo, Santo e Loira. No cuantificable en Mogor		
4	Incrementa-la valorización de residuos recollidas nas praias e areas periprayeras	Restos vexetais de poda en accesos e partes altas, e algas, destino compostaxe, aporte en nitróxeno e carbono
Avaliación final: Obxectivo acadado ✓ Restos de podas e restos de algas destinados a compostaxe nas instalacións do lago de Castiñeiras		
5	Diminución do impacto ambiental no uso de produtos químicos	Uso exclusivo de produtos biodegradables nas limpeza das praias
Avaliación final: Obxectivo acadado ✓ Fichas técnicas dos produtos		
6	Diminución da pegada de carbono no servizo en praias	Planificación do servizo de salvamento na mar mediante "táboas de rescate" en detrimento do uso das embarcacións, mantidas operativas como respaldo en caso de necesidades

Avaliación final: Obxectivo acadado ✓ No 2020 iniciouse esta modalidade, o emprego das embarcacións limitárase o imprescindible ✓ Non 2021 ou consumo de gasolina e emisións derivadas, limitárase ao enchemento dun depósito para manter a operatividade. Análise indicador conforme		
7	Mellora da seguridade nos areas e en primeiros auxilios. Atención fora do horario de socorristas	Dotar de botiquíns con contidos mínimos as concesionarias de negocios de hostaleira en praias
Avaliación final: Obxectivo acadado ✓ No convenio cos hostaleiros das praias o Concello repartiu polos establecementos kits de primeiros auxilios.		
8	Campaña hábitos saudables	Redución das emisións de CO2 debidas a mobilidade das persoas: -Fomento do uso de transporte colectivo -Fomento do uso da bicicleta como medio de transporte sustentable - Potenciación do roteiro das praias <hr/> Nova participación na rede galega de PRAIAS SEN FUME.
Avaliación final: Obxectivo acadado ✓ Non e cuantificable a redución da pegada de carbono procedente das emisións de CO2 mais e evidenciado o incremento do uso das bicicletas no acceso as praias. Por mor da pandemia, sen datos obxectivos, a diminución do uso do transporte público tamén foi observada. https://www.farodevigo.es/pontevedra/2021/04/01/marin-oferta-riqueza-paisajistica-patrimonial-46026758.html ✓ PORTOCELO E O SANTO formaron parte da rede de PRAIAS SEN FUME https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/3890/Praias_sen_fume.pdf		
9	Mellora do desempeño ambiental no ciclo de vida das praias	Inclusión / ampliación de requisitos ambientais a ser observados por contratadas e concesionarias nos contratos e nas licitacións: 1. Implantación procedemento 2. Determinación de especificacións 3. Inclusión en novas contratacións e concesións
Avaliación final: Obxectivo acadado ✓ Condicionado para os PPT /PCAP e instrucións de control ambiental de subcontratadas e actividades concesionadas documentado. ✓ Condicionado ambiental en pregos concurso servizo limpeza, balizamento e nalgúns contratos directos		
10	Asunción de obxectivos temáticos da Unión Europea para alcanzar un crecemento intelixente, sostible e inclusivo	a) Actuacións de reparacións e través de centros de formación facilitando o desenvolvemento e aprendizaxe de colectivos. b) Contratación de colectivos dependentes para apoio en actividades auxiliares ao servizo de praias contribuíndo á súa integración social (xardinaría, limpeza...)

Avaliación final: Obxectivo acadado

a): Adxudicación a Centro de Formación "A Aixola", de traballos de aplicación de patentes, e reparación de flotadores.

b): --Contratación da asociación JUAN XXII para a limpeza e roza dos viais do rural e de acceso a praias, para a campaña de limpeza e posta a punto das praias na Semana Santa 2021. Adxudicatarios do servizo de limpeza nas praias no verán 2021

Para o ano 2022 veñen de ser establecidos os seguintes obxectivos:

→ **Continuación da Mellora da imaxe do Concello de Marín como organización ambientalmente comprometida**

- Renovación rexistro EMAS 2022
- Difusión da Declaración Ambiental validada da campaña estival 2021, e da renovación do rexistro ante a Dirección Xeral de Calidade Ambiental
- Disposición nos Accesos ás Praias de nova carteleira
- Renovación dos distintivos "Bandera Azul"

→ **Mellora da imaxe das praias**

- MOGOR recuperación de la arena movida
- Limpeza mecánica e aireación dos areais PORTOCELO; MOGOR; AGUETE e LOIRA
- Pintado de caseta Praia O SANTO
- Renovación de taboleiros e carteis
- Limpeza de graffitis e pintadas nos accesos
- Renovación da caseta de socorrismo na praia de MOGOR

→ **Mellora da Eficiencia Enerxética** (Eixo 2 do Plan de Sostibilidade Turística de Marín)

- Renovación do alumbrado nas praias
- Mellora integral do Vial de Praias: Ampliar e modernizar a actual senda peonil e ciclista, (fase 1 hasta Mogor)
- Acondicionamento de parkings disuasorios

→ **Melloras en accesibilidade ás praias**

- Mellorar a estabilidade dos pasareas. Reparación ou dotación segundo necesidades
- Reparación de accesos (rampas) nas praias segundo necesidades
- Montar a área ZONA ACCESIBLE na Praia de Portocelo
- Colocación pasamáns en baixadas a AGUETE 2 e MOGOR

→ **Mellora do desempeño ambiental no ciclo de vida das praias: Diminución do 10% no consumo de auga polos usuarios**

- Concienciación dos usuarios mediante carteis

→ **Mellora do desempeño ambiental no ciclo de vida das praias: Diminución da pegada de CO2 no servizo en praias**

- Planificación do servizo de salvamento na mar mediante "táboas de rescate" en detrimento do uso das embarcacións
- Melloras na eficiencia enerxética do alumbrado das casetas

→ **Mellora da seguridade nos areais. Capacidade de atención fora do horario de socorristas**

- Dotación os restaurantes e quioscos:
 - Botiquins con contidos mínimos

- Material de limpeza

→ **Mellora da seguridade na mar.**

- Balizamento con iluminación na praia de Agnete

→ **Campaña hábitos saudables**

- Redución das emisións de CO2 debidas a mobilidade das persoas
- Nova participación na rede galega de PRAIAS SEN FUME

→ **Mellora do desempeño ambiental na planificación do ciclo de vida das praias: Requisitos ambientais a ser observados por contratadas e concesionarias**

- Incremento da exigencia nas contratación e concesión

9. SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO

Os servizos de salvamento e socorrismo nas praias son de vital importancia para un correcto funcionamento das mesmas xa que a base máis importante sobre a que se debe sustentar é a de VIXIANCIA e PREVENCIÓN e sobre todo nun verán tan complicado coma este onde o protagonista seguiu sendo a COVID19.

O servizo de socorrismo non verán 2021 estivo composto por vinte e un socorristas, un patróns para embarcacións de rescate e un coordinador de grupo.

As praias do Concello de Marín que contaron co servizo de salvamento e socorrismo acuático en horario de 12h a 20 h foron:

- Portocelo.
- Mogor.
- Aguete.
- Loira.
- O Santo do Mar / A Coviña.




O servizo comenzou o 17 de Xuño e rematou o 1 de setembro

No mes de Xuño os socorristas fixeron un total de 113 atencións das cales 9 sucederon na Praia de Portocelo, 14 en Mogor, 30 en Aguete 1, 20 en Aguete 2, 32 na Praia de Loira e 8 no Santo.

No mes de Xullo os socorristas fixeron un total de 446 atencións das cales 61 sucederon na Praia de Portocelo, 81 en Mogor, 81 en Aguete 1, 82 en Aguete 2, 103 na Praia de Loira e 39 no Santo.

No mes de Agosto fixéronse un total de 631 atencións das cales 50 sucederon na Praia de Portocelo, 128 en Mogor, 89 en Aguete 1, 121 en Aguete 2, 136 na Praia de Loira e por último 107 no Santo.

Dentro das atencións menores que tivemos, temos que destacar o habitual de todos os veráns, que son as picaduras de fanecas con 165, as picaduras de avespas cun total de 97, 372 feridas e 159 avisos a cans u outros animais. O resto de atencións menores tiveron pouca incidencia ou relevancia. En canto ás atencións maiores sinalar 7 golpes de calor, 6 rescates acuáticos e 10 rapaces perdidos (sen consecuencias maiores)



O total das intervencións rexistradas en 2021 foron 1190, valor inferior o dos anos anteriores, coherente co feito da menor presenza de bañistas nos areais este ano.

10. O DESEMPEÑO AMBIENTAL NO CICLO DO USUFRUCTO DAS PRAIAS

Tómanse como valor de referencia e **indicadores de desempeño**, a maiores dos indicadores básicos, e os indicadores específicos do DRS aplicábel, mostrados nos apartados seguintes, os que se relacionan:

- Residuos Sanitarios xerados en praias.

Os residuos xerados considéranse fronte o número de intervencións feitas polos socorristas.

- Total intervencións, 2019 - 1720 actuacións
- Total intervencións, 2020 - 1435 actuacións
- Total intervencións, 2021 - 1190 actuacións

As intervencións máis reproducibles en 2021 foron picaduras de vespa, picaduras de faneca, lesións ou feridas -estes eventos son os que requiren consumo de recursos e xeración de residuos-. Outros, coma avisos as embarcacións, avisos os buzos e pescadores, -que demandan consumos-, en tanto que lipotimias, golpes de calor, nenos perdidos, avisos por presenza de animais, ou incluso os rescates (sen embarcación), - non esixen consumos nin xeras residuos-. Todas contabilízanse os efectos do cálculo do indicador de xeración de residuos sanitarios ou do consumo das embarcacións neumáticas

- Residuos perigosos, consumos de combustibles, e consumos eléctrico e de auga no taller da Sacoa considéranse fronte o número de traballadores equivalentes do Concello de Marín con base no taller e no alcance do EMAS, ou fronte o número de vehículos, km recorridos ou horas de funcionamento.

- Traballadores equivalentes Sacoa, 4 (afectos EMAS)
- Vehículos afeitos o traballo nas praias, 7 no ano 2021

- Residuo de algas. Considéranse fronte a superficie de cada areal. A súa proliferación non ten que ver con desempeño ambiental no usufruto das praias

- Consumos e residuos xerados nas praias.

Consideráanse fronte o número de usuarios estimados calculados tomando en consideración a superficie de cada areal, unha densidade de ocupación tipo, e a

climatoloxía, entre o 16 de Xuño e o 12 de setembro para 2021, en todo caso inferior do aforo máximo en cada praia

Praia	Aforo máximo período	Usuarios estimados período
PORTOCELO	86330	65559
MOGOR	113920	91055
AGUETE	150410	138403
LOIRA	235405	174825
SANTO	19046	14569
COVIÑA	12104	7284

10.1 .CONSUMO DE COMBUSTIBLE.

Os totais de consumo na preparación para a campaña de Semana Santa e na época estival foron os indicado na seguinte táboa;

CONSUMO DE GASOLEO/GASOLINA						
vehículo	litros	2017	2018	2019	2020	2021
Balsas neumáticas		354,65	402,13	38,75	20	5,56
PO-0818-BH, Camión		450,86	620,99	482,98	190,76	252,47
E-4427-BCK, Limpapraias		298,25	148,2	34,95	138,79	146,34
PO-43699-VE, Tractor		211,46	-	347,91	-	218,03
0281 HVC, Turismo		196,28	197,47	156,52	151,87	148,4
6406DFW Furgón		-	-	-	115,77	78,11
E-3075-BFN, Task		-	229,74	118,47	148,18	324,93
E-3076-BFN Task		276,18	223,78	170,56	337,63	0
1606 FYC Todoterreno						121,8
TOTAL		1787,68	1822,31	1350,14	1103	1173,84

En total o consumo de gasóleo/gasolina ven de ser reducido ininterrompidamente nos últimos anos considerando tanto embarcacións como vehículos, un 17,18% no 2017, un 25,9% en 2019, e un 18,3% no 2020, habendo incrementado nun 1,93% no 2018 fronte o 2017 e un 6,42 no 2021. Nos derradeiros cinco anos a diminución e dun 34,33%.

Os consumos por vehículos en función do funcionamento foron similares aos alcanzados en campañas anteriores en función da súa kilometraxe ou horas de funcionamento.

Análise consumo embarcacións neumáticas: Ate 2018 tivemos como dúas embarcacións neumáticas en servizo en cada xornada. Dende o 2015 a distancia a percorrer e maior coa entrada en servizo do socorrismo na praia de Loira. Ademais, o desenrolo de practicas, a premisa do coordinador de que as embarcacións efectuasen rondas de vixilancia, o feito de que o socorrismo nas praias de Ribeira Pequena, Coviña e Os Namorados teña lugar por mar, xustifica as evolucións ate o 2019. Dende o 2020 en liña con obxectivo de diminución da pegada de carbono polo uso de tabóas de rescate, apenas hai consumo nas embarcacións, usadas solo en rescates nos que puideran ser necesarias.

Para as embarcación o consumo baixou un 25,5% no 2017 en valor absoluto, incrementou no 2018 nun 13.38% en valor absoluto e un 25% en relativo fronte as intervencións. No 2019, a ausencia de patróns e o feito de ter unha única embarcación activa provocou una diminución dos consumos derivados, tanto en valor absoluto, superior o 90%, coma relativizado. No 2020 e no 2021, en liña co obxectivo de diminución da pegada de carbono, o servizo de socorrismo foi dotado de táboas de rescate, se ben mantivemos operativa, mais atracada no porto, unha embarcación por si houbera de ser utilizada. Así no 2020 o consumo baixou nun 48,38% en valor absoluto. No 2021 so se rexistrou o consumo de mantela operativa, a diminución e dun 72,2% fronte o ano anterior.

Tendo en conta que a intervención dun socorrista non necesariamente demanda o emprego das embarcacións neumáticas, o tempo que nas intervencións vinculadas a rescates no mar, avisos, ou outras que requiran o emprego das embarcacións, supoñen un consumo de combustible dereitamente vinculado ó estado do mar, o senso do vento, a duración das intervencións, ou a necesidade de facer remolque, entre outros, as comparativas non son obxectivas.

10.2.CONSUMO DE ELECTRICIDADE

Nave da Sacoa


Os consumos eléctricos na **Nave da Sacoa** son producidos non so como consecuencia da utilización do mesmo para as labores de mantemento dos vehículos e equipos utilizados na xestión das praias, senón tamén no mantemento de vehículos e equipamentos utilizados na conservación de parques e xardíns, e ocasionalmente

da policía municipal, do CONCELLO DE MARIN. Ademais, este ben de estar parcialmente usufrutuado pola concesionaria municipal de recollida de residuos e limpeza viaria (ate febreiro 2018).

Durante os derradeiros anos os consumos anuais foron os seguintes:

CONSUMO ELECTRICIDADE	2017	2018	2019	2020	2021
Taller de A Sacoa, MWh	39,581	31,094	34,356	32,131	37,801
Indicador, MWh/empleados Sacoa	9,8952	7,7735	8,589	8,032	9,45025

Os consumos, xa sexa en valor absoluto ou ponderados diminúen coas obras executadas na cuberta tralo verán 2017 e mas co cambio a luminarias de baixo consumo efectuado durante 2018 en varias seccións. A dotación de equipamentos coma o elevador e ferramenta electro portátil provoca o incremento do consumo rexistrado en 2019. No 2020, este ven de reducirse se ben a actividade mantívose semellante a dos anos anteriores aínda que marcada polo confinamento. Durante o ano 2021 incrementa a actividade no taller e o consumo eléctrico derivado. O aspecto ambiental é significativo



O carácter polivalente do taller nos permite obter conclusións en relación a evolución do consumo no contexto do EMAS.

Consumo en Praias

O consumo de enerxía eléctrica das **praias** do Concello de Marín procede da rede eléctrica convencional, e existen contadores diferenciados para todas as praias. Os

consumos eléctricos nos derradeiros anos, e os indicadores asociados, foron os seguintes:

CONSUMO ELECTRICIDADE	PORTOCELO	MOGOR	AGUETE	LOIRA	O SANTO	Total
2017 (Kw)	64	911	369	94	-	1438
Indicador (kw /usuario)	0,00092	0,00945	0,00106	0,00051	-	0,001952
2018 (Kw)	125	901	418	115	-	1559
Indicador (kw /usuario)	0,00130	0,00674	0,00087	0,00045	-	0,001526
2019 (Kw)	98	797	402	128	-	1425
Indicador (kw /usuario)	0,00100	0,00594	0,00083	0,00050	-	0,001393
2020 (Kw)	93	695	349	69	36	1242
Indicador (kw /usuario)	-	-	-	-	-	-
2021 (Kw)	128	867,7	388,75	64	93	1541,45
Indicador (kw /usuario)	0,00195	0,00953	0,00281	0,00037	0,00638	-


Na praia de Portocelo o consumo eléctrico no 2018 ha incrementado notoriamente tanto en valores absoluto coma relativo. A orixe deste incremento atribúese a cada vez maior demanda de uso deste areal para eventos diversos como campamentos de verán, concertos, montaxe de xogos (inchables), actividades da ENM, etc que incrementan a demanda eléctrica. No resto das praias descenden os valores ponderados, incrementando lixeiramente os absolutos en Aguate e Loira

No 2019 en todas as praias a eficiencia enerxética e cada vez maior tal como reflicten os datos tanto en valor absoluto como relativo a excepción da praia de Loira que rexistra un leve incremento.

No total das praias en 2018 o consumo incrementou en valor absoluto ate 1559 Kwh, isto é un +8.41%, namentres que no 2019 en no 2020 o consumo eléctrico total, en valor absoluto diminúe, nun 8.59% e nun 14,6% respectivamente fonte o derradeiro ano.

No 2021 a tendencia muda a partir da reanudación de servizos e un maior uso dos areas que no ano 2020 marcado pola COVID, incrementando os consumos absolutos en Portocelo, Mogor, Aguate e Santo, e diminuindo en Loira na comparativa con 2020:

-Incremento consumo total 2021-2020: +24,11%



10.3.CONSUMO DE AUGA.

Taller de Sacoa. Os consumos de auga son os seguintes:

Ano	2017	2018	2019	2020	2021
Xuño					
Xullo	30	30	21	23	33
Agosto					
Setembro	35	102	22	17	22
TOTAL estival (m ³)	65	132	43	40	55
TOTAL anual (m ³)	129	179	105	93	102

Os indicadores considerando o numero equivalente de traballadores afectos o EMAS foron os seguintes:

Ano	2017	2018	2019	2020	2021
Indicador (estival) (m ³ /traballador Sacoa)	16,25	33	10,75	13,5	8,25
Indicador (anual) (m ³ /traballador Sacoa)	32,25	44,75	26,25	23,25	25,5

O feito de que a nave teña un carácter polivalente vinculado o parque de maquinaria do concello (almacén, taller...), mais o feito de que este fora ate febreiro 2018 tamén a base de operacións da contrata municipal de limpeza, supón que o consumo de auga non é representativo do desempeño ambiental no contexto do alcance do EMAS.

No 2018 as operacións de limpeza e adecuación das instalacións disparan o consumo. No 2019 estes acadan mínimos na época estival en tanto que no 2020 veñen de ser reducidos o máximo histórico. No 2021 o consumo absoluto e relativo volta os valores prepandemia do 2019, si ben o indicador ponderado considerando unicamente a época estival diminúa nun 38,9%. No computo anual e comparativamente con ano 2020

Consumo en Praias

O consumo nas praias asocíase o uso das duchas e lavapés por usuarios, os aseos, e nalgún caso, as concesións e o rego de áreas verdes. Todas teñen a súa orixe na rede municipal de abastecemento, a excepción da praia do Santo, dotada de subministración no 2018, que procede dun afloramento. Na Praia de A Coviña non hai subministración

No verán 2020 no existiu servizo de duchas, lava pés ni estiveron abertos os aseos. Non houbo consumo de auga polos usuarios. Sin embargo o uso de auga mantívose ou incluso incrementou en tarefas de limpeza

Os datos dos consumos totais de auga rexistrados ate 2019 e no 2021 son os seguintes. Salientar que por avarías diversas e antigüidade, todos os contadores, excepto Santo dotado en 2018, veñen de ser mudados na planificación estival do 2022:

PRAIA,	2016	2017	2018	2019	2020	2021
PORTOCELO	526,6	340	796	705	0	854
MOGOR	708,8	812	766	767	0	475,8
AGUETE	499,3 ⁽¹⁾	464 ⁽¹⁾	548 ⁽¹⁾	506 ⁽¹⁾	0	⁽²⁾
LOIRA	207,6	169	248	255	0	403
SANTO			14	14	0	66,1
TOTAIS	1942,3	1577	2372	2247	0	1798,9

Consumo en valor absoluto m³

⁽¹⁾, non medible o consumo en AGUETE 2. ⁽²⁾, non medible o consumo en AGUETE 1 ni 2



A falta do dato rexistrado do consumo AGUETE 2, os valores absolutos de consumo incrementan 32.8% en 2018 fronte a 2017, diminuindo un 5.27% no 2019 en liña con obxectivo de concienciación dos usuarios acerca do consumo sostíbel. No 2021, comparativamente con 2019 o consumo absoluto incrementa en todas as praias excepto MOGOR pero non pódense obter conclusións por cuanto no 2020 houbo actividades de limpeza ou mantemento de áreas verdes, o tempo que en Aguete 1 o contador foi violentado nun acto vandálico e non púidose rexistrar o consumo.

PRAIA,	2016	2017	2018	2019	2020	2021
PORTOCELO	5,46	4,898	8,334	7,211	0	13,026
MOGOR	5,30	8,423	5,774	5,715	0	5,225
AGUETE	2,07 (1)	2,674 (1)	2,295 (1)	2,094 (1)	0	(*)
LOIRA	0,81	0,913	0,974	1,001	0	2,305
SANTO			0,330	0,330	0	4,537
Valor MEDIO	3,15	4,227	3,475	3,204	0	5,139

Consumo en valor relativo litros / usuario estimado

(1), Estimado 50% usuarios fronte consumo Aguete 1

Comparando os valores do consumo rexistrado relativizado fronte o numero estimado de usuarios no 2021 cos do 2019, sen considerar Aguete, os teóricos consumos ponderados incrementan.



A análise do desempeño por comparativa do 2021 con 2019 no é obxectiva polas condicións derivadas do plan de actuación ante a COVID 19.

10.4. XERACIÓN DE RESIDUOS PERIGOSOS.

Debido as actividades levadas a cabo, no CONCELLO DE MARIN xéranse residuos perigosos de distinta tipoloxía. Todos estes residuos, caso de producirse directamente nas actividades vinculadas a xestión das praias, foron identificados como aspectos medioambientais e consecuentemente avaliados e sometidos a controis operacionais.

Así os residuos perigosos identificados son:

- ✓ Envases perigosos
- ✓ Acumuladores de Ni/Cd. Baterías de Pb
- ✓ Fluorescentes
- ✓ Residuos Sanitarios
- ✓ Lodos de decantación
- ✓ Aceites usados
- ✓ Filtros de aceite/combustibles
- ✓ Pilas
- ✓ Absorbentes e Trapos contaminados.

Cabe subliñar que o Concello de Marín, inscrito como pequeno produtor de residuos perigosos, dispón de autorización emitida polo organismo competente podendo almacenar ate un ano os residuos perigosos xerados.

As cantidades de residuos retiradas durante os derradeiros anos foron as seguintes, tomando en conta que a maioría xéranse nas pequenas actividades de mantemento e posta a punto dos equipamentos feitas directamente polo persoal do concello, polo servizo de socorrismo ou son procedentes da recolla no Concello.

Residuos perigosos, kg	2017	2018	2019	2020	2021
Pilas ⁽¹⁾	226	Acopiado	Dato no dispoñible	187	280
Luminarias ^{(1) (3) (7)}	231	Dato no dispoñible	Acopiado	211	Acopiado
Residuos Sanitarios ⁽⁴⁾	4	7	10	6	5
Lodos de decantación ⁽²⁾	7490	0	8180	0	0
Acumuladores-Baterías ⁽⁷⁾	Dato no dispoñible	Dato no dispoñible	Dato no dispoñible	Dato no dispoñible	Dato no dispoñible
Aceites usados ⁽⁵⁾	300	700	Acopiado	1000	500
Filtros aceite/combustible ⁽⁵⁾	67	21	Acopiado	31	13
Absorbentes contaminados ⁽⁵⁾	18	12	77		86
Envases perigosos ⁽⁶⁾	46	41	39	45	46

Os indicadores relativos os residuos perigosos son:

Indicadores xeración	2017	2018	2019	2020	2021
Pilas ⁽¹⁾ (Kg/traballador concello)	3,48	-	Non calculable	2,88	4,31
Luminarias ^{(1) (3)} (Kg traballador concello)	3,55	Non calculable	-	3,25	
Residuos Sanitarios ⁽⁴⁾ (kg intervención)	0,0022	0,0043	0,0058	0,0042	0,0042
Lodos de decantación ⁽²⁾ (Kg / vehículo)	1134,28	-	1168,57	-	-
Acumuladores de Ni/Cd ⁽⁷⁾ (kg / vehículo)	Non calculable	Non calculable	Non calculable	Non calculable	Non calculable
Aceites ⁽⁵⁾ (kg / vehículo)	42,86	100	-	142,85	71,43
Filtros aceite/comb. ⁽⁵⁾ (kg / vehículo)	9,57	3	-	4,43	1,86
Absorb. contaminados ⁽⁵⁾ (kg / vehículo)	2,57	1,71	11		12,29
Envases perigosos ⁽⁶⁾ (Kg / traballador Sacoa)	11,50	10,25	9,75	11,25	11,5

(1) Os datos corresponden a retirada de residuos en todo o Concello e non só nas actividades que se desenvolven dentro do alcance do sistema de xestión medioambiental. Identifícanse en relación cos equipos de comunicacións dos socorristas mais non se avalían dada a súa xestión conxunta.

(2) Os lodos de decantación correspondían ate febreiro 2018 non só á limpeza dos vehículos que se usan para a xestión das praias -7 unidades- senón tamén o servizo de parques e xardíns e a outros camións da contrata municipal que compartía as instalacións do taller de Sacoa. Os datos son ademais os correspondentes a xeración de residuos durante todo o ano, e non só durante a época estival na que se utilizan os vehículos para as actividades propias da praia.

(3) Considerase para o cálculo en peso das cantidades de lámpadas retirados que cada unidade (fluorescentes, haloxenuros, vapor de mercurio, leds...) pesa de media 300 gramos.

(4) Os residuos sanitarios refírense producidos no ano da tempada estival, independentemente da data da súa xestión

(5) Os valores acadados para o aceite, os filtros de aceite/combustible e os absorbentes corresponden non só os vehículos que se utilizan para levar a cabo as actividades necesarias dentro das praias, senón os se contabilizan no taller, con independencia do uso dos vehículos dentro do Concello de Marín

(6) Proceden dos produtos de mantemento de vehículos o das infraestruturas ou espazos públicos vinculados as praias.

(7),xestionadas via cadea de subministro

Con todas estas consideracións non e consecuente a obtención de conclusións do desempeño ambiental nesta materia, a excepción do relativo o que os ratios de xeración de residuos das intervencións dos socorristas nas praias establece dende o inicio da pandemia.

10.5. XERACIÓN DE RESIDUOS PROCEDENTES DAS PRAIAS.

Os residuos identificados dentro desta categoría son:

- Residuos de grandes limpezaas levadas a cabo a principios de cada tempada
- Residuos de podas
- Residuos procedentes do limpapraias
- Residuos procedentes da recollida de algas
- Residuos procedentes da recollida de animais mortos.
- Residuos procedentes das papeleiras de recollida selectiva (areais)
- Residuos procedentes da limpeza do vial de praias e vaciado de papeleiras,
- Residuos procedentes da limpeza manual do areal,

Residuos procedentes de grandes limpezaas levadas a cabo a principios de cada tempada

No concello de Marín non estamos a medir as cantidades de residuos retiradas dos areais ao principio de cada tempada, particularmente no acondicionamento para a Semana Santa. A xeración destes non está directamente asociada ao uso das nosas praias.

A aparición de restos que deben ser retirados, (redes, cabos, madeiras, plásticos, etc,) é directamente proporcional á forza da ondada nos temporais do inverno. A súa retirada forma parte dos traballos de adecuación dos areais cada inicio de temporada

Residuos de podas

Ate este ano 2020 os residuos procedentes de desbroces e podas, xa sexa de adecuación dos accesos ou do mantemento das zoas altas das praias non veñen de ser contabilizados, dado que a súa xeración é natural e axea os hábitos dos usuarios das praias.

No ano 2021 estes veñen de ser contabilizados no relativo as superficies verdes ou area axardinadas dos areais das praias de Portocelo (principalmente), Mogor e Agnete.

Residuos Vexetais (m3)	
Xuño	33,6
Xullo	10,3
Agosto	34,6
Setembro	25,45
	103,95

Estes, procedentes de biomasa natural ou de actuacións de dotación de zonas verdes, superficies orientadas, foi destinado a compostaxe para voltar a incorporáranse o ciclo en forma de substrato nos parques e xardíns da vila

Residuos do limpiapraias

No concello de Marín non estamos a medir as cantidades de residuos retiradas dos areas con limpiapraias, mínimos basicamente cabichas e obxectos enterrados retidos no tamiz, sendo o cometido fundamental do seu emprego tamen a aireación da area

Residuos procedentes da Recollida de algas.

Estes residuos, de produción allea ó Concello de Marín e os hábitos e costumes dos usuarios das súas praias, son principalmente obxecto de traballo na praia de Aguete. Na tempada 2021 veñen de ser contabilizados. As cantidades recollidas por praia foron:

Recollida de algas (m3)				
Portocelo	Mogor	Aguete	Loira	Santo-Coviña
14,95	9,35	27,6	2,35	5,1

Recollida de animais mortos

Na campaña 2021 foi notificada a recollida dunha gaivota morta.

Residuos procedentes das papeleiras de recollida selectiva (areas).

Ate antes da pandemia habia dispostas papeleiras nos areas. Diferenciabamos neste caso os residuos procedentes da bolsa negra (residuos orgánicos) e os residuos procedentes da bolsa amarela (residuos de envases). Estes eran os residuos depositados polos usuarios nos contedores de recollida selectiva colocados nas distintas praias.

No 2020 o seren estes retornados os seus puntos de orixe polos usuarios, ou ser depositados nos contedores da recolla municipal do lixo, no puideron ser obxecto de contabilización.

Nos anteriores dous anos, os datos acumulados, a partires de análise feita praia a praia foron:

RECOLLA SELECTIVA	BOLSA NEGRA		BOLSA AMARELA	
	Total, Kg	Indicador total praias	Total, Kg	Indicador total praias
2018	33534	0,0672	20302	0,0410
2019	33744,50	0,0410	20442	0,0409

No verán 2018 a recollida de residuos de bolsa negra diminuíu en valor absoluto y tamén en valor relativo. Isto, en detrimento da recollida de contedor amarelo, que incrementa, é positivo en termos de incremento da concienciación dos usuarios relativa a reciclaxe de envases.

No 2019 estabilizase a produción en valores absolutos, en tanto que a diminución calculadas fronte o numero de usuarios estimados diminúe un 38%

Como ben de ser indicado, non existen datos de recolla nos areas nin de 2020 nin de 2021 o non estar dispoñibles os contedores o haber sido retirados no marco do plan de continxencia contra a COVID19.

Residuos procedentes do vial de praias e zoas de peripraia

No ano 2021, toda vez que non foron dispostos ou papeleiras nos areas, foron reforzados os sistema de recollida, papeleiras dos paseos e zoas de peripraia. Esta xeración ven de ser contabilizada diferenciado bolsa negra e bolsa amarela, e tamén vidro, xa sexan residuos depositados selectivamente ou obxecto de retirada manual polo persoal da contrata municipal.

Residuos procedentes do vial de praias e zoas de peripraia -2021				
	Recollida papeleiras (kg)	Limpeza manual (Kg)		
	B. NEGRA	B. NEGRA	B. AMARELA	VIDRO
2021	10394	61	1,32	19,75

O ser o primeiro ano de contabilización non caben comparativas. Tampouco coas recollidas das papeleiras das praias contabilizadas dispostas ate 2020 por cuanto moitos residuos son agora depositados directamente polos usuarios nos contedores xerais dispostos pola contrata municipal da recollida do lixo

Residuos procedentes da limpeza manual (areais)

Na limpeza manual reflíctense as retiradas de lixo abandonado nos areais. Na súa recollida estes, segundo súa natureza, son depositados en contedores ou bolsas negras ou amarelas, sendo considerados fracción resto ou fracción envases lixeiros.

Estes residuos procedentes da limpeza manual permiten obter unha idea sobre o nivel de civismo e concienciación ambiental dos nosos veciños e visitantes usuarios das praias.

No ano 2020, se ben mantívose a actividade de limpeza dos areais, non foron contabilizados os residuos retirados

A análise estatística dos anos anteriores non pode considerarse concluínte aínda que os datos analizados por praia permiten evidencia-lo feito de que os indicadores de recollida manual refiren valores mais baixos nas praias menos populosas e de carácter menos familiar. Os datos acumulados para todos os areais son:

RECOLLA MANUAL	BOLSA NEGRA		BOLSA AMARELA	
	Total, Kg	Indicador total praias	Total, Kg	Indicador total praias
2018	10183,50	0,0239	4613	0,0123
2019	10656	0,0243	4882	0,0125

A comparativa 2019 / 2018 mostra que a cantidade de residuos de recolla manual nos areais practicamente non varia

Tamén que, ano a ano, a cantidade de residuos recollidos nos areais diminúe fronte os depositados polos usuarios nos colectores de recollida selectiva, grazas os esforzos do concello en educación e sensibilización ambiental dos usuarios das praias, invitándoos a deixar os seus residuos nas papeleiras de recollida selectiva en lugar de tira-los o chan ou no areal.

No ano 2021 os residuos da recolla manual han sido contabilizados, incluíndo o vidro como fracción. O mudar o sistema de control, e tamén o contexto da xeración nos areais, os datos non permiten comparativas cos das recollidas manuais de anteriores tempadas.

En 2021 os ratios de residuos obxecto de recollida manual, tanto fracción negra como fracción amarela, son da orde dun 10% dos valores correspondentes a 2019. Dado o cambio na sistemática de recollida, a non dotación de papeleiras nos areais, non resulta obxectivo establecer comparacións. Praia a praia os residuos recollidas han sido

RECOLLA MANUAL	BOLSA NEGRA		BOLSA AMARELA		VIDRO	
	Total, Kg	Indicador praias	Total, Kg	Indicador praias	Total, Kg	Indicador praias
Portocelo	461	0,00703	93,74	0,00143	8	0,00012
Mogor	533	0,00585	99,66	0,00109	24	0,00026
Aguete	421	0,00304	90,09	0,00065	28	0,00020
Loira	381	0,00217	86,46	0,00049	13	0,00007
Santo-Coviña	116	0,00796	31,36	0,00144	0	0
TOTAL 2021	1912	-	401,31	0,00102	73	-

10.6. EMISIONS

Nas actividades que se atopan dentro do sistema de xestión medioambiental as emisións non se atopan como aspectos medioambientais identificados con carácter significativo.

Estas son as relativas as emisións á atmosfera realizadas polos motores dos vehículos de servizo as praias e as embarcacións de salvamento. Os vehículos e as lanchas son periodicamente sometidos as ITV e as inspeccións regulamentarias por capitanía.

A ITV dos vehículos, entre os que se inclúen o tractor e o limpapraias, inclúe a revisión do estado do sistema de escape de gases.

As emisións equivalentes de gases de efecto invernadoiro se declaran nos indicadores básicos

10.7. RUIDOS

Os ruídos xerados polo Concello de Marín na xestión de praias limítanse á megafonía, e os emitidos polos vehículos de servizo a praias durante o seu funcionamento, e que son periodicamente sometidos as ITV

Os equipos de megafonía están homologados e compren ca normativa autonómica vixente.

O comportamento ambiental ante os ruídos analízase a través das queixas recibidas por parte dos usuarios das praias.

No período comprendido nesta declaración ambiental non se recibiu ningunha queixa acerca de este aspecto ambiental, polo que non se poden reflexar datos

10.8 RESULTADOS DAS ANALISES LEVADAS A CABO PARA O CONTROL DA CALIDADE DAS AUGAS DE BAÑO.

O uso recreativo das augas de baño non está exento de perigos e riscos para a saúde das persoas usuarias. A contaminación bacteriana pode provocar gastroenterite ou enfermidades respiratorias nas persoas que se bañen nas augas contaminadas. Aínda que estas enfermidades raramente son graves, o número de persoas expostas é enorme. Por este motivo, a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, executa na época estival un Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño con carácter autonómico.

Preséntanse os resultados nas praias do concello de Marín do Programa de Vixilancia Sanitaria das zoas de baño da Comunidade Autónoma Galega.

A vixilancia sanitaria das zonas de baño establececese mediante a mostraxe periódica da auga das zonas de baño incluídas no censo. Recóllense en total 10 mostras de cada zona de baño unha antes do inicio da tempada e as nove restantes ao longo desta, cunha periodicidade aproximadamente quincenal.

No censo oficial da tempada 2021, figuran un total de 489 zoas de baño, con 506 puntos de mostraxe que se atopan en 114 concellos da Comunidade Autónoma Galega, entre eles o de Marín.

A tempada de baño establécese, de maneira xenérica, dende o 1 de xuño ata o 30 de setembro.

Nas mostras de auga analízanse os parámetros microbiolóxicos de enterococos intestinais e Escherichia coli.

O sistema de cálculo consiste na avaliación do percentil da función normal de densidade de probabilidade (log10) dos datos microbiolóxicos obtidos nunhas augas de baño determinadas.

Parámetro	Clasificación, augas marítimas		
	Excelente	Boa	Suficiente
Enterococos intestinais	100 (*)	200 (*)	185 (**)
Escherichia coli	250 (*)	500 (*)	500 (**)

(*) De acordo coa avaliación do percentil 95

(**) De acordo coa avaliación do percentil 90

